


# Apuntamentos para unha CAIXA DE PRIMEIROS AUXILIOS

GOBIERNO DE ESPAÑA MINISTERIO DE SANIDAD

© Ministerio de Sanidad.
NIPO en línea: 133-24-160-2 https://cpage.mpr.gob.es



- ❑ Material de cura:
  - ▪gasas
  - ▪apósitos adhesivos
  - ▪esparadrapo
  - ▪apósitos
  - ▪vendas de fixación elástica
  - ▪luvas
  - ▪soro fisiolóxico
  - ▪solución desinfectante

- ❑ Soro oral
- ❑ Antipirético
- ❑ Analxésicos/antiinflamatorios
- ❑ Antihistamínicos
- ❑ Fármacos para o mareo/náuseas
- ❑ Antiácidos
- ❑ Quimioprofilaxe do paludismo (se for preciso)
- ❑ Medicación que uses habitualmente

- ❑ Crema para picaduras
- ❑ Repelente de insectos
- ❑ Crema solar e aftersun
- ❑ Líquido para lentes de contacto

- ❑ Preservativos
- ❑ Pastillas potabilizadoras
- ❑ Termómetro

✓ Recoméndase levar os medicamentos necesarios **na equipaxe de man e acompañados da súa receita ou a prescrición médica correspondente.**

✓ Convén levar ademais **un informe médico en inglés ou no idioma de destino** que inclúa os datos de contacto do médico e os nosos antecedentes de modo que podamos xustificar que nos trataremos con estas medicinas. Tanto a receita como o certificado médico deben ir asinados e selados polo médico.

✓ En caso de ter que viaxar con outro **material sanitario** por exemplo xiringas, agullas, aparellos medidores etc., é recomendable **informarse das condicións da compañía aérea** antes de voar, por se este material estivese rexistrado como artigo prohibido na maleta de man. Para poder pasalos polo control de seguridade e subilos ó avión, tamén é conveniente xustificar o seu uso cun informe médico.

✓ A introdución de medicamentos nalgúns países está moi regulada, polo que deberías informarte deste tipo de normas antes de viaxar. Existen unhas normas específicas para viaxar con **medicamentos psicotrópicos e/ou estupefacientes** sometidos a fiscalización internacional. Ante a dúbida é mellor consultar coa embaixada ou consulado do país de destino.